



RESOLUCIÓN DE DESISTENCIA

Praza número: 17/1013 Número de prazas: 1
Categoría: Contratado interino de substitución (2º cuatrimestre). Dedicación: P06
Área de coñecemento: Literatura Española
Departamento: Letras
Centro: Facultade de Filoloxía
Data da convocatoria: 27/12/2017

FEITOS:

Por resolución reitoral do 27 de decembro de 2017 convocouse un concurso para a contratación laboral de persoal docente, relacionándose no anexo II da mesma as prazas (da 17/1010 á 1013) que se convocaban coa súa respectiva descrición. Entre as mesmas incluíase a descrita na cabeceira, coa cobertura da cal pretendíase cubrir a docencia que tiña asignada unha profesora funcionaria da dita área de coñecemento que, xa con anterioridade á convocatoria, atopábase de baixa por incapacidade temporal de longa duración.

Con data do 14 de xaneiro de 2018 a dirección do Departamento de Letras remitiu, ao Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, un escrito informándolle, aos efectos oportunos, da incorporación ao seu posto, por alta médica, da profesora que motivara a convocatoria da praza de interino de substitución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1.- Unha vez que desapareceu a causa que xustificaba a convocatoria, isto é, a baixa por I.T. de longa duración dunha profesora, e a necesidade de atender á docencia que esta tiña asignada para o segundo cuatrimestre, da que unha vez incorporada ao seu posto vaise facer cargo, non existen motivos que xustifiquen a continuación do procedemento concursal a fin de seleccionar un profesor substituto daquela.

2.- O Artigo 84.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que “poñerán fin ao procedemento a resolución, o desistencia, a renuncia ao dereito no que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade” e, en desenvolvemento deste, o artigo 93 da mesma norma establece que “nos procedementos iniciados de oficio, a Administración poderá desistir, motivadamente, nos supostos e cos requisitos previstos nas leis”.

3.- Neste caso a desistencia a continuar co procedemento de selección da praza 17/1013, para a contratación temporal dun profesor/a interino/a de substitución, ven motivada pola desaparición da causa que xustificaba a convocatoria, tal e como se reflectiu no punto primeiro destas consideracións.

Por todo o sinalado, **esta Reitoría**, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), **resolve** desistir do procedemento de selección da praza 17/1013,

Código Seguro De Verificación	Evb+my5Ao/Mkz8urw+4pZg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	18/01/2018 11:34:31
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Evb+my5Ao/Mkz8urw+4pZg==		





descrita na cabeceira, que se convocou, xunto con outras por resolución reitoral do día 27 de decembro de 2017.

Os interesados que tiveran presentada a correspondente solicitude para participar nesta praza, poderán solicitar a devolución das taxas que tiveran pagado para eses efectos.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, prazo que comezará a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da Xurisdición Contencioso Administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, de acordo co disposto nos artigos 123 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 18 de xaneiro de 2018

O reitor,
P.D. (R.R. 12-01-2016)
O vicerreitor de profesorado

Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
Evb+my5Ao/Mkz8urw+4pZg==	Asinado	18/01/2018 11:34:31
Asinado Por	Páxina	2/2
Observacións		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Evb+my5Ao/Mkz8urw+4pZg==	

